

Autoinforme 2: Aplicación dunha estrutura do Ámbito B

Profesor/Profesora	<i>Demetrio Prego Martínez</i>
Centro	<i>IES SALVATERRA DE MIÑO</i>
Curso e Grupo	<i>1º ESO A</i>
Área	<i>LINGUA GALEGA.</i>
Unidade Didáctica	<i>Creación de textos. O Relato Curto.</i>

Para: <i>Conseguir crear un relato curto traballando en grupo de maneira colaborativa.</i>	Levei a cabo a seguinte actividade: <i>Tratar de crear en grupos de 4 persoas relatos curtos utilizando os seus nomes e apelidos. Estes nomes e apelidos separados en sílabas desordenadas servirán para crear personaxes e espazos.</i>
---	---

Utilicei a seguinte estrutura:	O Folio Xiratorio.
--------------------------------	---------------------------

Descrición da estrutura aplicada:

- 1º Distribuir 6 grupos de 4 alumn@s.*
- 2º Propor que separen en sílabas o seu 1º nome e apelido.*
- 3º Proceder a desordenar as sílabas coa finalidade de crear substantivos abstractos.*
- 4º Cada grupo tería así 8 nomes.*
- 5º Estes 8 nomes poderán ser utilizados na historia como personaxes ou espazos onde acontecen os feitos.*
- 6.- Fan unha posta en común para escoller os substantivos que van ser personaxes ou espazos. Deciden a temática do relato e cada un pensa como pode contribuir á historia que propuxeron en común.*
- 7.- Entrégaselle un folio con 4 cores que corresponden a cadanseu alumn@.*
- 8.- Neste folio teñen un espazo determinado para escribir a parte que lle corresponde para crear a historia.*
- 9.- Deben ir xirando o folio (segundo a orde das agullas do reloxo) para que cada alumno escriba a súa parte da historia.*
- 10. Ó final deben escoller entre todo o grupo un título para a historia final que crearon.*

Valoración da estrutura aplicada (Dificultades, aspectos positivos, dúbidas...):

Aspectos a destacar:

- Precisamos máis dunha sesión entre a creación de grupos, distribución de aula e de roles.*
- Fixen 6 grupos.*
- En 3 dos grupos os alumn@s A axudaron de distinta maneira ao resto, non só ao D, senón tamén ao B,C. Os alumnos fixéronse, en certo modo, involuntariamente líderes para organizar a tarefa.*
- Nun grupo os alumnos B,C e D non escribiron a súa parte ata que o texto fóra corrixido polo alumno A(Círculo).*
- Puxeron empeño en que a historia tivera un determinado argumento tendo que chegar a acordos para o resultado final, estes acordos foron tomados despois de varias negociacións.*

- ***Na proposta dos nomes tiñan que asignar personaxes e espazos, esta diferente percepción tamén provocou debate e toma de decisión.***
- ***Ningún grupo foi capaz de introducir máis de 4 nomes do total de 8 como personaxes ou espazos onde acontecía a historia.***

En conclusión:

- ***Quero destacar o feito de que esta actividade plantexada deste xeito fomentou valores como a solidariedade, liderazgo e respecto polos criterios utilizados para tomar decisións. Se a proposta do exercicio fora individual nada disto ía acontecer.***
- ***O feito de non utilizar todos os nomes dispoñibles creo que amosa pouca organización ou interese por incorporalo se non hai un líder que o provoque ou organice intencionadamente. Non foi posible en ningún caso.***
- ***Seguelle custando a algún alumno deixarse axudar. Estes alumnos non eran só maioritariamente D(Triangulo). Repetindo este esquema de traballo con outras propostas curriculares creo que poderíamos obter bastante éxito.***
- ***Valoro positivamente esta actividade para o traballo colaborativo porque forza a traballar individualmente para o grupo. Todos aportan algo para a historia e o produto final.***